

Liñas de fuga: historia, estética e política da arte

*Un seminario de lecturas en formato presencial
conducido por Marcelo Expósito*

Este seminario de lecturas propón un percorrido sintético a través do último século de debates arredor da historia, a estética e a política da arte, coa relación entre tales discusións e os avatares sociais e políticos que lles foron contemporáneos como fondo. Se tivésemos que describilo nun sentido cronolóxico, este seminario iníciase coa irrupción dos debates arredor da práctica da arte e a cultura na Europa de entreguerras, e, a partir de aí, pon o acento principalmente en como a crítica, a teoría e a historiografía da arte recibiron achegas do marxismo, a psicoanálise, a socioloxía e a historia social, o estruturalismo e o postestruturalismo, o posmodernismo crítico e o feminismo. Trátase dun seminario «de lecturas» porque consistirá propiamente na lectura e discusión acumulativa dun corpus de escritos significativo das «liñas de fuga» trazadas polas heterodoxias no campo das prácticas e das ideas artísticas nos pasados cen anos. O seu título remite á idea da fuga nun duplo senso: como unha construción polifónica contrapuntística á maneira musical e tamén como un tipo de movemento de resistencia que, tal como o describía Gilles Deleuze, consiste en «fugarse, pero ao facelo agarrar unha arma»: non se trata dunha fuxida, senón de se desprazar desestruturando as normatividades que se sustentan sobre a fixación de posicións preasignadas.

Liñas de fuga é, polo demais, un seminario nómade que adopta variacións de acordo cos seus contextos de execución. Realizouse presencialmente até o momento no Museu d'Art Contemporani de Barcelona (MACBA) e a Facultat de Belles Arts da Universitat Politècnica de València (UPV); tamén en formato virtual internacional para a Academia La Central (Barcelona). Neste caso, resulta evidente que poñeremos o acento en elementos que constitúen un pano de fondo ou que están estreitamente vinculados co corpus de obra de Luis Seoane sobre o que se sustenta esta fundación, como son as relacións entre arte e política ou as tensións entre a herdanza da modernidade, as vangardas históricas e o punto de inflexión posmoderno.

A listaxe de autores e autoras que discutiremos é a seguinte: Theodor W. Adorno, Walter Benjamin, Bertolt Brecht, Benjamin H. D. Buchloh, Douglas Crimp, Rosalyn Deutsche, Hal Foster, Clement Greenberg, Fredric Jameson, Christina Kiaer, Rosalind E. Krauss, Kate Linker, Lucy Lippard, Ana Longoni, Oscar Masotta, Laura Mulvey, Linda Nochlin, Craig Owens, Griselda Pollock e Gerald Raunig.

- > As clases do 19 ao 21 terán lugar na Fundación Luis Seoane ás 18 h-20:30 h
- > A clase do 22 terá lugar na Fundación Luis Seoane ás 16:30 h-19 h
- + O día 22 asistirase á proxección dun vídeo de Marcelo Expósito no Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI - Fílmoteca de Galicia) ás 19:30h, con debate co autor posterior á proxección

Liñas de fuga:

historia, estética e política da arte

A ORIXE DA TEORÍA ESTÉTICA MATERIALISTA / REACTIVACIÓNS DA VANGARDA HISTÓRICA

- Walter Benjamin: «La obra de arte en la época de su reproductibilidad técnica» (1936), en *Walter Benjamin. Obras*, Libro I, Volume 2, Abada, Madrid, 2008.
- Walter Benjamin: «El autor como productor» (1934), en *Walter Benjamin. Obras*, Libro II, Volume 2, Abada, Madrid, 2009.
- Bertolt Brecht: «Teoría de la radio» (1927-1932) e «El Proceso de los Tres Centavos» (1931), en *El compromiso en literatura y arte*, Península, Barcelona, 1984 (2ª).
- Christina Kiaer: ««¡A la producción!»: los objetos socialistas del constructivismo ruso», en Marcelo Expósito (ed.), *Los nuevos productivismos*, Museu d'Art Contemporani de Barcelona (Macba), Barcelona, 2010.
- Gerald Raunig: «Algunos fragmentos sobre las máquinas», en *transversal: máquinas y subjetivación*, edición online, eipcp, novembro de 2006.

A AUTONOMÍA DA ARTE COMO CRÍTICA / A CRÍTICA DA AUTONOMÍA DA ARTE

- Theodor W. Adorno: fragmentos de *Teoría estética* (1970), en *Obra Completa 7*, Akal, Madrid, 2004.
- Clement Greenberg: «Vanguardia y kitsch» (1939), en *La pintura moderna y otros ensayos*, Siruela, Madrid, 2006; e en *Arte y cultura. Ensayos críticos*, Paidós, Barcelona, 2002.
- Peter Burger: fragmentos de *Teoría de la vanguardia* (1974), Península, Barcelona, 1987.
- Rosalind E. Krauss, «La originalidad de la vanguardia» (1981), en *La originalidad de la vanguardia y otros mitos modernos*, Alianza Forma, Madrid, 2006.

DESMATERIALIZACIÓN E ESPECIFICIDADE DA OBRA DE ARTE / CRÍTICA DAS INSTITUCIÓNS ARTÍSTICAS

- Lucy Lippard, «Intentos de escapada», en *Seis años: la desmaterialización del objeto artístico de 1966 a 1972* (1973), Akal, Madrid, 2004.
- Oscar Masotta: «Después del Pop: nosotros desmaterializamos», en *Conciencia y estructura*, Editorial Jorge Álvarez, Buenos Aires, 1968.
- Ana Longoni: «Embutes de la memoria», en *CTXT*, nº 174, 20 de xuño de 2018.
- Douglas Crimp, «La redefinición de la especificidad espacial» (1986), en *Posiciones críticas. Ensayos sobre las políticas de representación*, Akal, Arte Contemporáneo, Madrid, 2005.
- Benjamin H. D. Buchloh: «De la estética de la administración a la crítica de las instituciones (aspectos del arte conceptual: 1962-1969)», en *Arte conceptual: una perspectiva*, Fundación Caja de Pensiones, Madrid, 1990.
- Marcelo Expósito: «Abajo los muros del museo. El arte como práctica crítica intramuros» (2013).

Liñas de fuga:

historia, estética e política da arte

HISTORIA FEMINISTA DA ARTE, CRÍTICA FEMINISTA DA REPRESENTACIÓN E POSMODERNISMO CRÍTICO

- Linda Nochlin: «¿Por qué no ha habido grandes mujeres artistas?» (1971), en catálogo *Amazonas del arte nuevo*, Fundación Mapfre, Madrid, 2008.
- Griselda Pollock: «La pintura, el feminismo y la historia» (1992), en Michèle Barrett e Anne Phillips (eds.), *Desestabilizar la teoría. Debates feministas contemporáneos*, Programa Universitario de Estudios de Género, Universidad Nacional Autónoma de México, México DF, 2002.
- Laura Mulvey: *Placer visual y cine narrativo* (1973), Episteme, Valencia, 1988.
- Kate Linker, «Representación y sexualidad», en Brian Wallis (ed.), *Arte después de la modernidad. Nuevos planteamientos en torno a la representación* (1983), Akal, Colección Arte Contemporáneo, 2001.
- Fredric Jameson: «El posmodernismo o la lógica cultural del capitalismo avanzado» (1984), en *Teoría de la posmodernidad*, Trotta, Madrid, 1996.
- Hal Foster: «Introducción al posmodernismo», en Hal Foster (ed.), *La posmodernidad* (1983), Kairós, Barcelona, 1986.
- Craig Owens: «El discurso de los otros: las feministas y el posmodernismo», en Hal Foster (ed.), *La posmodernidad* (1983), Kairós, Barcelona, 1986.

ACTIVIDADE COMPLEMENTARIA

Proxección do vídeo de Marcelo Expósito:
43.353 (los ojos no quieren estar siempre cerrados)
118 minutos, 2010

no Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI – Fimoteca de Galicia),
con debate co autor ao final da sesión

Marcelo Expósito é artista e crítico cultural. Entre as súas publicacións escritas en solitario ou en colaboración cóntanse *Modos de hacer. Arte crítico, esfera pública y acción directa* (2001), *Producción cultural y prácticas instituyentes* (2008), *Los nuevos productivismos* (2010), *Walter Benjamin, productivista* (2013), *Conversación con Manuel Borja-Villel* (2015) e *Discursos plebeyos. La toma de la palabra y de las instituciones por la gente común* (2019), ademais de monografías sobre Chris Marker (2000), Pere Portabella (2001) e Tucumán Arde (2015). A súa obra amosouse en exposicións internacionais ou institucións como o Aperto da Bienal de Venecia, a Bienal de Taipei, a Manifesta 8, a Bienalsur de Bos Aires, o festival Steirischer Herbst de Graz, o Festival Iberoamericano de Teatro (FIT) de Cádiz, o Museu d'Art Contemporani de Barcelona (MACBA), o Museo Reina Sofía de Madrid ou o Museo Universitario de Arte Contemporáneo (MUAC) de Cidade de México.

Máis información: marceloexposito.net

Inscripción gratuita | 20 prazas dispoñibles

NOME

APELIDOS

DNI

CORREO ELECTRÓNICO

TELÉFONO DE CONTACTO

ENDEREZO (rúa, nº, piso)

(código postal)

(localidade)

As inscrición enviaráanse ao correo electrónico: **info@fundacionluisseoane.gal**

www.fundacionluisseoane.gal | Rúa San Francisco, 27 | 15001 A CORUÑA